



Ordenanza Reguladora das axudas á cidadanía para o uso do transporte público colectivo regular de viaxeiros por estrada do Concello de Barbadás.

Preámbulo

A premisa fundamental deste Concello no ámbito da mobilidade é a potenciación do transporte público como principal alternativa sostible que satisfaga as necesidades de desprazamento da cidadanía. Asemade, a garantía da mobilidade da poboación dentro do propio concello, e con concellos limítrofes, en maior parte co Concello de Ourense, considérase como un elemento de contribución para o crecemento e desenvolvemento da economía local axudando á xeración do emprego e garantindo a sustentabilidade da comunidade.

Esta potenciación materialízase a través do abaratamento do custo por viaxe ás persoas usuarias, coa fixación de bonificacións ao uso do transporte público colectivo.

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación das axudas á cidadanía para o uso de transporte público colectivo regular de viaxeiros por estrada do Concello de Barbadás; e polo exposto, cumprindo cos principios establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Título I: Disposicións xerais.

Artigo 1. Réxime xurídico.

1. As axudas ao transporte público rexeranse polos preceptos básicos establecidos na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e polo seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo; así como polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei de subvencións de Galicia; e terán en conta o establecido no Convenio de colaboración entre Concello de Barbadás coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, en materia de transporte público de viaxeiros por estrada.



Concello de Barbadás

2. Para a concesión das axudas para o transporte público estarase ao disposto na presente base reguladora e as disposicións que se adopten na súa aplicación e desenvolvemento.

Artigo 2. Obxecto e ámbito de aplicación.

A presente ordenanza ten por obxecto establecer as condicións que rexerán as axudas ao transporte colectivo de viaxeiros por estrada do Concello de Barbadás, destinadas a promover e facilitar a mobilidade e o desprazamento e a intercomunicación a través dos medios de transporte públicos, en especial daqueles colectivos especificados no artigo 3 da presente normativa, tendo validez nos servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral que se desenvolvan no interior do termo municipal de Barbadás ou entre este e o de Ourense. Estas relacións de tráfico son atendidas polos contratos de concesión de servizos de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral da titularidade da Xunta de Galicia, que se indican no anexo I.

Título II: Persoas beneficiarias.

Artigo 3. Persoas beneficiarias e requisitos.

Poderán ser beneficiarias desta axuda as persoas que cumpran con requisitos esixidos segundo o tipo de bonificación a aplicar:

1. Bonificación de uso xeral: poderá acceder a esta tarifa calquera persoa usuaria do transporte público que dispoña de calquera das tarxetas do transporte de Galicia ou tarxetas integradas (actualmente, TMG, TMG Xente Nova, Tarxeta Millenium da Coruña e Tarxeta Cidadá de Lugo).

2. Bonificacións sociais:

- Requisito xeral: Empadroamento no Concello de Barbadás, dispoñibilidade dunha tarxeta do transporte de Galicia, e ser dadas de alta por parte do Concello de Barbadás na aplicación de xestión das bonificacións sociais do transporte (TARSOC) da titularidade da Xunta de Galicia.
- Requisitos específicos:
 - a) Estudantes:
 - Menores de 28 anos.



Concello de Barbadás

- Estar matriculado nun centro de ensino oficial (público ou privado).
- b) Pensionistas: Ter algunha das seguintes condicións:
- Ser pensionista.
 - Ter unha diversidade física ou psíquica igual ou superior ao 33%.
 - Ser usuario/a de asociacións dedicadas á atención a persoas con diversidade intelectual ou física, sen ánimo de lucro e declarada de utilidade pública emprazada no Concello de Barbadás.
- c) Emerxencia social: Terán carácter extraordinario, dirixíndose a aquelas persoas que a criterio dos Servizos Sociais do concello, e atendendo a razóns de emerxencia social ou de precariedade persoal, puidesen precisar destas axudas. Esta vía de acceso só se concederán con carácter extraordinario e quedarán supeditadas a que a situación valorada como emerxencia sexa susceptible de ser mellorada ou solucionada coa concesión desta axuda.

Artigo 4: Vixencia das axudas.

Con carácter xeral, estas axudas terán vixencia en tanto se manteñan as condicións que determinaron a súa concesión, e como máximo, segundo se especifica en función do tipo de beneficiario; estando obrigado o beneficiario a achegar en cada momento a documentación xustificativa que lle sexa requirida polos servizos municipais.

- Bonificación de uso xeral: duración ilimitada.
- Bonificacións sociais:
 - a) Estudantes:
 - Ata os 16 anos: vixencia de 3 anos.
 - Maior de 16 anos: vixencia anual.
 - b) Pensionistas: vixencia 3 anos.
 - c) Emerxencia social: terán a vixencia que os Servizos Sociais do concello determinen e interromperanse no momento no que os ditos Servizos Sociais así o consideren.

Os beneficiarios están obrigados a comunicar de inmediato ao Concello de Barbadás calquera variación na súa situación persoal que puidese supoñer o incumprimento das condicións que determinaron a súa concesión.



Concello de Barbadás

O Concello de Barbadás poderá comprobar de oficio o cumprimento das circunstancias que diron lugar o recoñecemento da axuda.

Título III: Procedemento.

Artigo 5. Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes.

As bonificacións de carácter xeral non precisarán de presentación de solicitude previa, aplicaranse directamente no pagamento realizado no autobús coa tarxeta.

As solicitudes para as bonificacións de sociais realizaranse a instancia de parte conforme ao modelo establecido no anexo II que, xunto coa documentación sinalada no artigo 6, deberán ser presentadas nos rexistros municipais do Concello de Barbadás, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para presentar as solicitudes está aberto durante todo o ano.

Artigo 6. Documentación para solicitude de bonificacións sociais.

1. Documentación xeral para todas as bonificacións:

- a) Copia cotexada do DNI, NIE ou pasaporte.
- b) Copia da tarxeta do transporte de Galicia, que a persoa solicitante deberá adquirir ás súas expensas nos lugares habilitados para elo. Naqueles casos nos que a persoa solicitante acceda por razóns de emerxencia social, os servizos sociais municipais poderán facilitar a Tarxeta Metropolitana Galega sempre e cando quede debidamente acreditada esta necesidade no informe social.
- c) No caso de non dar permiso para comprobar os datos persoais no Padrón de habitantes do Concello de Barbadás, deberá presentar volante de empadramento do Concello de Barbadás.

2. Documentación específica segundo o tipo de bonificación social:

- a) Estudantes: copia da matrícula do centro de ensino (público ou privado) no momento que se solicita a axuda, ou certificado acreditativo de estar matriculado en dito centro de ensino.
- b) Pensionistas: segundo o caso que proceda:
 - 1) Certificado expedido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) da



Concello de Barbadás

Xunta de Galicia ou organismo análogo doutra comunidade autónoma, que acredite unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

- 2) Certificado da Seguridade Social ou da Xunta de Galicia indicando si a persoa solicitante é perceptora dunha pensión.
- 3) Certificado acreditativo de ser usuario/a de asociacións dedicadas á atención a persoas con diversidade intelectual ou física, sen ánimo de lucro e declarada de utilidade pública emprazada no Concello de Barbadás.

c) Persoas en situación de risco social:

Informe social que acredite as razóns de emerxencia social ou de precariedade persoal. A tal efecto, os servizos sociais municipais requirirán a documentación xustificativa necesaria para a elaboración do informe social documentado que xustifique a valoración da súa concesión ou denegación.

Artigo 7. Procedemento para a concesión da axuda.

1. As axudas destinadas as bonificacións xerais concederanse segundo os datos remitidos nos primeiros días hábiles de cada quincena, pola Dirección Xeral de Mobilidade, que procesará a información das máquinas canceladoras remitida pola empresa a través da aplicación SITME e remitirá ao Concello de Barbadás e á propia empresa concesionaria o importe total da compensación que corresponda á quincena inmediatamente anterior.
2. Para as bonificacións sociais o procedemento será:
 - Presentada a solicitude a instancia de parte, conforme ao establecido no artigo 5 e acompañada da documentación establecida no artigo 6, o persoal municipal comprobará que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos na presente base reguladora e normativa de aplicación.
 - No caso de que a solicitude estivera incompleta e non reunira os requisitos esixidos para a súa tramitación, requirirase a persoa solicitante para que, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 10 días, emende os defectos e/ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, entenderase que desiste do seu pedimento, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 94 de dito texto legal.

Concello de Barbadás



Concello de Barbadás

- O persoal municipal do Concello de Barbadás realizará cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos presentados pola persoa solicitante, en virtude dos que debe pronunciarse a resolución, procederán á avaliación das solicitudes e emitirán a correspondente proposta de resolución segundo os criterios recollidos na presente ordenanza.
- A proposta de concesión ou denegación será elevada ao órgano competente para a posterior resolución, que deberá axustarse necesariamente ás características establecidas no presente regulamento, e deberá conter como mínimo os datos de identificación da persoa solicitante, proposta razoada de cumprimento ou non cumprimento das condicións esixidas na presente ordenanza e a contía e intensidade da axuda a conceder segundo o establecido na presente norma.
- As solicitudes serán valoradas por rigoroso orde de rexistro de entrada municipal, excepto nos casos que respondan a situacións de emerxencia social, que serán valoradas atendendo á urxencia do caso e causarán alta de xeito inmediato previo informe favorable dos servizos sociais municipais.
- A concesión das axudas de todo tipo reguladas nesta ordenanza estará condicionada en todo caso á existencia de crédito adecuado e suficiente.
- A alta, baixa ou modificación de persoas beneficiarias de bonificacións sociais realizarase mediante a aplicación TARSOC, habilitada pola Dirección Xeral de Mobilidade para a xestión da denominada “TMG social”.
- Co fin de posibilitar o correspondente control, o persoal municipal manterá permanentemente actualizada a relación das persoas usuarias do servizo, con indicación das axudas recoñecidas e o importe total das mesmas.
- En cada informe que se formule en orde á concesión dunha nova axuda, deberá facerse mención expresa ao cumprimento deste límite, por existir crédito adecuado e suficiente no orzamento do ano en curso, para a concesión da correspondente axuda.

Artigo 8. Resolución e notificación das bonificacións xerais.

A resolución das axudas de bonificacións xerais conterà a información remitida pola Dirección Xeral de Mobilidade, que procesará a información das máquinas canceladoras



remitida pola empresa a través da aplicación SITME.

Artigo 9. Resolución e notificación das bonificacións sociais.

O órgano competente para a resolución será a Alcaldía.

O prazo máximo para resolver será de 3 meses dende á data que a solicitude tivera entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido dito prazo sen recaer resolución expresa, poderase entender desestimada a solicitude.

Cando o número de solicitudes formuladas puidesen supoñer o incumprimento do prazo máximo de resolución, o órgano competente para resolver, a proposta razoada do órgano instrutor, poderán habilitar os medios persoais e materiais para o cumprimento do despacho adecuado e en prazo.

Excepcionalmente poderá acordarse a ampliación do prazo máximo de resolución mediante a motivación clara das circunstancias concorrentes e só unha vez esgotados todos os medios a disposición posibles. De acordarse a ampliación do prazo máximo, este non poderá ser superior ao establecido para a tramitación do procedemento.

Contra o acordo que resolve a ampliación de prazo, que deberá ser notificado aos interesados, non caberá recurso algún.

1. A resolución adoptada, debidamente motivada, será notificada ás persoas interesadas polo medio que figure na solicitude a efectos de notificacións, conforme ao establecido no artigo 40 a 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
2. A resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá ser recorrida potestativamente en reposición no prazo dun mes, conforme ao establecido no artigo artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ser impugnada directamente ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Artigo 10. Procedemento para a tramitación da baixa.

1. Nos supostos reflectidos no artigo 14 da presente ordenanza o Concello de Barbadás procederá á baixa da axuda. A resolución da baixa conterá os datos de identificación



Concello de Barbadás

da persoa e as causas razoadas de dita baixa.

2. A proposta de baixa daquelas solicitudes que respondan a situacións de emerxencia social realizaranse previo informe social emitido polo persoal técnico dos servizos sociais municipais.

TITULO IV: Características das axudas.

Artigo 11. Tipoloxía da axuda.

1. As axudas ás que fai referencia o presente regulamento consistirán na xestión das bonificacións establecidas mediante o uso da tarxeta de transporte de Galicia que corresponda.
2. Son de aplicación en todos os medios de transporte públicos especificados no artigo 2 da presente ordenanza, sendo as axudas reguladas neste prego de aplicación exclusiva naquelas viaxes especificadas en dito artigo.

Artigo 12. Importe da axuda.

1. A contía das axudas fixarase tomando como referencia o prezo da viaxe sinxela correspondente a unha viaxe coa tarxeta TMG, na actualidade 1,35€, e serán modificadas de acordo coas variacións que este prezo experimente durante a vixencia das axudas regulamentadas nesta base.
2. As contías das axudas son as seguintes:

COLECTIVO	SUBVENCIÓN MUNICIPAL	IMPORTE ACTUAL ABONADO POLO BENEFICIARIO
Bonificacións de uso xeral.	37% do importe da viaxe	0,85€.
Estudantes.	55.5% do importe da viaxe	0,60€.
Pensionistas.	48% do importe da viaxe	0,70€.
Persoas en situación de risco social.	100% do importe da viaxe	0€.

Artigo 13. Aboamento das axudas.

Concello de Barbadás



Concello de Barbadás

1. O aboamento das bonificacións de uso xeral á persoa usuaria efectuaranse mediante desconto aplicado directamente no pagamento realizado no autobús coa tarxeta de que se trate (TMG, TMG Xente Nova, Millenium da Coruña e Cidadá de Lugo).
2. As persoas beneficiarias dunha bonificación social, ao facer uso dos servizos de transporte, deberán pagar no autobús o importe da viaxe coa súa tarxeta “TMG social”, aplicándoseles por tanto de xeito automático a bonificación de uso xeral, nos mesmos termos que o resto de beneficiarios.

A bonificación social adicional que lle corresponda á persoa usuaria farase efectiva para as persoas beneficiarias no momento no que estas efectúen a recarga da tarxeta a partir de finais do mes seguinte a aquel no que realizasen a viaxe. As persoas beneficiarias disporán do prazo de dous meses para aceptar cada bonificación dende a data na que esta se poña á súa disposición. No caso de non aceptar a recarga dentro do devandito prazo, esta recarga caducará e perderán o dereito a percibila.

3. As persoas beneficiarias das axudas establecidas poderán consultar o estado das súas recargas na páxina web <https://tmg.xunta.gal/consulta-tarxeta>, ou na que en cada momento habilite a Dirección Xeral de Mobilidade. Neste sentido, este sistema de pagamentos operará de xeito análogo a como o fai o actual programa tarifario social no Transporte Metropolitano.
4. Na modalidade de axudas por situacións de emerxencia social, estas aboaranse segundo o mesmo procedemento, tendo en conta a resolución recaída mediante a compensación do 100% do importe das viaxes realizadas.

Artigo 14. Causas de baixa.

As axudas ao transporte colectivo poderán causar baixa polos seguintes motivos:

- a) Renuncia expresa da persoa beneficiaria, indicando a data prevista da baixa.
- b) Traslado de residencia ou baixa no Padrón Municipal de Habitantes, no caso días bonificacións sociais.
- c) Falecemento.
- d) Desaparición ou modificación substancial das circunstancias ou requisitos que motivaron a alta.
- e) Non renovación da documentación acreditativa da permanencia das circunstancias que motivaron a súa concesión, unha vez transcorrida a vixencia



Concello de Barbadás

da axuda dende a data de concesión segundo o artigo 4 da presente ordenanza.

- f) Non colaborar no seguimento e avaliación da axuda.
- g) Non comunicar de inmediato ao Concello de Barbadás calquera variación na situación persoal que puidera supoñer o incumprimento das condicións que determinaron a concesión da axuda.
- h) Mal uso ou custodia da tarxeta en canto que é un documento persoal e intransferible.
- i) Negativa de identificarse como titular a través do documento de identificación fehaciente, a demanda do/a condutor/a do autobús, inspector/a da compañía de transporte ou persoal do Concello de Barbadás debidamente acreditado.
- j) Non comunicación ao Concello da perda ou roubo da tarxeta que puidera significar a súa fraudulenta utilización por parte doutras persoas, co fin de proceder á súa anulación ou substitución.
- k) Cese na prestación das axudas ao transporte público por parte do Concello de Barbadás.

Artigo 15. Uso da Tarxeta.

A Tarxeta é persoal e intransferible, responsabilizándose o seu titular do correcto uso da mesma.

A persoa titular da Tarxeta deberá identificarse sempre que lle sexa requirido polo condutor/a do autobús, persoal de inspección da compañía de transporte ou persoal do concello debidamente acreditados.

Artigo 16. Compatibilidade con outras axudas.

As axudas serán compatibles con calquera outra axuda da mesma ou diferente tipoloxía.

Artigo 17. Publicidade das axudas.

A Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) actuará como sistema de nacional de publicidade das axudas.

A tales efectos, o Concello de Barbadás remitirá mensualmente á BDNS a información sobre as resolucións de concesión de axudas recaídas nos termos establecidos no artigo 20 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.



Título V: Infraccións e sancións.

Artigo 18. Infraccións e réxime sancionador.

Terán a consideración de infraccións moi graves e, consecuentemente merecentes de sanción reflectidas, as seguintes actuacións:

- a) A utilización da tarxeta por persoa distinta do seu titular, co seu consentimento ou sen que medie comunicación ao Concello por parte do seu titular do roubo ou perda.
- b) A falsificación ou manipulación da documentación achegada no momento da súa solicitude ou renovación.
- c) O comportamento manifestamente inadecuado nos medios de transporte público (actos violentos, groseiros, sexistas, xenófobos, racistas, ...) que sexan denunciados polo persoal dos medios de transporte ou outros pasaxeiros/as no concello, que procederá a apertura das correspondente dilixencias informativas.
- d) A negativa a amosar a identificación ao condutor/a, servizo de inspección da empresa de transporte ou persoal acreditado do Concello, cando esta lle fora requirida.

As infraccións implicarán a perda do dereito á participación nestas axudas durante un período de seis meses, e a reiteración nestas suporá a perda definitiva do dereito.

Disposición transitoria.

As persoas beneficiarias das axudas na actualidade do transporte colectivo vixente neste Concello deixarán de ser beneficiarias no momento en que se produza a entrada en vigor do Convenio de colaboración entre Concello de Barbadás coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, en materia de transporte público de viaxeros por estrada. Fíxase un período de transición de dous meses, dende o inicio da posta en funcionamento do novo sistema de axudas, para a adaptación a ésta.

Disposición derogatoria.



Concello de Barbadás

A partir da entrada en vigor das axudas ao transporte público reguladas na presente base, quedará expresamente derogado o “Acordo regulador do prezo público do bono transporte urbano do Concello de Barbadás”.

Disposición final.

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte de ser publicado no Boletín Oficial da Provincia da Ourense e transcorrido o prazo a que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

ANEXO I

Contratos de concesión de servizos públicos de transporte con relacións de tráfico incluídas no ámbito de aplicación desta ordenanza.

Concesión	Denominación	Concesionario
XG603	Comarca de Terra de Celanova	Sociedad de Transportes SL, Autos González SL, Barcala Sanz SL, Auto Industrial SA, Empresa Villalón SA, Aguas de Incio SA, e Eleuterio Lopez y CIA SL, Unión Temporal de Empresas, Lei 18/1982, do 26 de maio
XG605	Comarca de Ourense	Minhobus-Transportes do Minho, SUL, Empresa Gavilanes, SL, Unión Temporal de Empresas, Lei 18/1982, do 26 de maio
XG688	Termos municipais do Pereiro de Aguiar, Coles e Barbadás	Autos González SL, Auto Industrial SAU, Empresa Villalón SAU, Aguas de Incio SA e Eleuterio López y Cía SL Unión Temporal de Empresas, Lei 18/1982, do 26 de maio
XG691	O Pereiro de Aguiar - Ourense, con anexos	Autos González SL, Auto Industrial SAU, Empresa Villalón SAU, Aguas de Incio SAU e Eleuterio López y Cía SL Unión Temporal de Empresas, Lei 18/1982, do 26 de maio
XG707	Toén - Barbadás - Ourense, con	Autocares Alfer, SA, Empresa Toén, SL, Autos Gómez, SL, Autocares Manolete, SL, Autocares A.

Concello de Barbadás



Concello de Barbadás

	anexos	González, SL, Autocares La Mezquita, SL, Unión Temporal de Empresas, Lei 18/1982, do 26 de maio
--	--------	---

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia*.